



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA  
DO CONSELLO SOCIAL DO 27.02.2023**

**LUGAR:** Sala II do edificio Miralles do campus de Vigo

**DATA:** 27.02.2023

**HORA DE COMEZO:** 12:05 h.

**HORA DE REMATE:** 13:30 h.

**LISTA DE ASISTENTES**

Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel (presidente)

Lesmes Romero, Yolanda

Fernández Zunzunegui, Emilio

Graña Nogueiras, Jesús

Macho Senra, Antonio

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

**DESCULPARON ASISTIRON:**

Sánchez Gándara, Rosa María

**NON ASISTIRON:**

Martiño Gómez, Antonio



O luns, día 27 de febreiro de 2023, ás 12:05 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21.12.2022).
2. Informe do presidente.
3. Liquidación do orzamento da Universidade de Vigo correspondente ao exercicio 2022, consonte Real Decreto-Lei 14/2012. Carta de avance de auditoría.
4. Aprobación, se procede, da incorporación de remanente de libre disposición ao exercicio de 2023.
5. Aprobación, se procede, do incremento da participación accionarial da Universidade de Vigo no Círculo de Empresarios de Galicia.
6. Control e seguimento da aplicación do Regulamento de Xestión do patrimonio da Universidade de Vigo. Informe que proceda sobre as doazóns menores e correntes.
7. Control e seguimento da aplicación da Normativa de Xestión de espazos universitarios. Informe que proceda sobre as expensas de pago concedidas pola Xerencia.
8. Elección que proceda dun novo ámbito universitario para a realización dun informe de auditoría operativa de procedementos e sistemas.
9. Asignación de complementos retributivos a profesorado da Universidade de Vigo, por excelencia curricular docente e investigadora correspondente á convocatoria de 2021, consonte as valoracións da ACSUG de 18 de novembro de 2022.
10. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en decembro de 2022 e xaneiro 2023.
11. Rogos e preguntas.

---

*O presidente saúda e agradece aos presentes a súa asistencia. Participan tamén na sesión a vicexerente da área económica da UVigo, Mercedes Carracedo, e a responsable do Servizo de Contabilidade, Loli Ojea.*

#### **PUNTO 1**

*Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (21.12.2022).*

- ***Apróbase por asentimento.***

#### **PUNTO 2**

*Informe do Presidente.*

Juan Manuel Vieites amosa a disposición a debater e negociar coa Xerencia e cos responsables económicos da UVigo, e de xeito previo, os asuntos que se estimen oportunos para un maior rigor, operatividade e eficacia na relación co Consello Social, como puidera ser o caso das normas para a execución do orzamento para o próximo exercicio, "sempre dende a boa vontade e de mellorar".



### **PUNTO 3**

*Liquidación do orzamento da Universidade de Vigo correspondente ao exercicio 2022, consonte Real Decreto-Lei 14/2012. Carta de avance de auditoría.*

A xerente agradece e acepta o ofrecemento, e pasa a dar conta do resumo de ingresos e gastos correspondentes a 2022, do resultado orzamentario (provisional) positivo en 13.057.262,07 €, e do cadro de remanente (provisional) do exercicio. Cita Yolanda Lesmes que o auditor dá por válidos os datos e a liquidación provisional, se ben con limitacións de información, pero que respecto ao Remanente de Tesourería e á data do documento a UVigo o ten formulado resultando positivo, polo que considera que non terá efectos de suspensión ou reforma no seu orzamento do exercicio 2023.

Ábrese unha rolda de intervencións na que Emilio Fernández, Juan Manuel Vieites e Jesús Graña pregunta e piden aclaracións sobre cantidades e conceptos específicos, máis marcadamente neste último caso sobre o importe concreto do remanente dispoñible de Tesourería recoñecido provisionalmente de 2022, e sobre a cantidade que se levou ao orzamento de 2023, información que chegará á comisión cando estea definitivamente aprobada.

Contestadas pola xerente e pola xefa de Contabilidade, e consonte consta na documentación remitida, as preguntas e as consultas feitas, a Comisión ACORDA:

- ***Aprobar a liquidación do orzamento da UVigo correspondente a 2022 con remanente de Tesourería positivo, consonte aos termos expresados na Carta de avance de auditoría.***

### **PUNTO 4**

*Aprobación, se procede, da incorporación de remanente de libre disposición ao exercicio de 2023.*

Expón a xerente que por unha banda trátase da necesidade de xerar crédito dende o remanente libre para atender aos proxectos de eficiencia enerxética concedidos polo INEGA para os que se recibirá subvención que deberá xustificarse ao final, pero sendo preciso executalos para poder realizar as actuacións, que desagrega, por un importe total de 456.178,90 €.

Por outra parte, tras a creación das novas unidades estratéxicas de investigación AEI, tamén se fai necesario incorporar remanente de libre disposición do programa soporte que é substituído pola AEI, con un importe de 750.000 €.

Adivirte o secretario que ambas actuacións foron aprobadas pola Comisión de Planificación e Asuntos Económicos do Consello de Goberno.

- ***A Comisión aproba a incorporación.***

*(Mercedes Carracedo e Loli Ojea abandonan a sesión neste intre).*

### **PUNTO 5**

*Aprobación, se procede, do incremento da participación accionarial da Universidade de Vigo no Círculo de Empresarios de Galicia.*

Subliña a xerente a importancia desta proposta para avanzar no achegamento da universidade ao mundo empresarial e na participación activa no tecido económico e social, e considerando o Círculo de Empresarios de Galicia un punto de encontro estratéxico fundamental a tal fin. Propón a adquisición de dúas accións do CEG, por importe total de 1.120 €.

Juan Manuel Vieites destaca a importancia de que a UVigo e as empresas da contorna avancen cara unha interacción que cada vez debe ser maior.

- ***A Comisión aproba a compra.***



## **PUNTO 6**

*Control e seguimento da aplicación do Regulamento de Xestión do patrimonio da Universidade de Vigo. Informe que proceda sobre as doazóns menores e correntes.*

Contextualiza o secretario este punto no disposto no Regulamento para a xestión do patrimonio da UVigo, do que se solicita información unha vez ao ano. A xerente dá conta da doazón, libre de cargas e gravames, de equipos e materiais da Fundación Biomédica Galicia Sur, por un importe de 12.312,3 €, ao grupo de investigación Healthyfit, da UVigo, con sede na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (Campus de Pontevedra).

- ***A Comisión dáse por informada.***

## **PUNTO 7**

*Control e seguimento da aplicación da Normativa de Xestión de espazos universitarios. Informe que procede sobre as expensas de pago concedidas pola Xerencia.*

Aclara Ignacio Rodríguez que tamén sobre esta cuestión pídese información anual, en cumprimento do punto 3 da normativa. O informe da Xerencia recolle que ao longo de 2022 foron concedidas as despensas de pago do canon para 27 actividades a 24 entidades, nos tres Campus.

- ***A Comisión dáse por informada.***

## **PUNTO 8**

*Elección que proceda dun novo ámbito universitario para a realización dun informe de auditoría operativa de procedementos e sistemas.*

Introduce este punto o presidente para preguntar aos presentes se teñen detectada algunha área concreta, procedementos ou servizos sobre os que sería útil efectuar unha auditoría operativa. Ábrese unha rolda de intervencións na que o secretario traslada unha proposta pola que os auditores propoñen que a auditoría operativa se faga sobre "procedementos levados a cabo na xestión dos activos patrimoniais da UVigo, concretamente sobre os elementos do inmovilizado material". Apúntanse máis posibilidades como puideran ser sobre o Inventario ou sobre calidade da aprendizaxe, entre outras. Tras un intercambio de pareceres, os asistentes conveñen en elixir a proposta dos auditores para este exercicio, e a referida á Intervención, para o seguinte. Así, a Comisión ACORDA:

- ***Encargar neste exercicio unha auditoría operativa sobre "Procedementos aplicados na xestión dos activos patrimoniais da UVigo, concretamente sobre os elementos do inmovilizado material".***

## **PUNTO 9**

*Asignación de complementos retributivos a profesorado da Universidade de Vigo, por excelencia curricular docente e investigadora correspondente á convocatoria de 2021, consonte as valoracións da ACSUG de 18 de novembro de 2022.*

Apunta o secretario que, debido aos prazos e á urxencia que require este asunto e á imprevisibilidade coa que se recibe no Consello Social, trátase de xeito transversal na orde do día da reunión máis próxima á súa recepción, para facilitar no posible a xestión dos pagos, razón pola que non sempre se trae a esta comisión.

- ***Apróbase a asignación.***

## **PUNTO 10**

*Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en decembro de 2022 e xaneiro 2023.*

Jesús Graña reflexiona sobre a conveniencia de que os convenios de contido económico estean avalados por senllos informes de Control Interno e da Asesoría Xurídica. A xerente afirma que eses informes pídense.

- ***A Comisión dáse por informada.***



**PUNTO 11**

*Rogos e preguntas*

Prodúcese un intercambio de opinión sobre as tarifas que aproba o Consello Social polos servizos que presta a universidade, e o risco de que sexan deficitarias polas contingencias referidas ao incremento de custes ao longo do exercicio, como pode ser o caso dos consumos enerxéticos. Os presentes conveñen na disposición a buscar fórmulas para que o Consello Social poida actualizar esas tarifas se fose preciso, nos momentos e as veces que sexa necesario, e coa suficiente flexibilidade como para non ter que delegar esa competencia. O presidente amosa a maior disposición para abordar esa casuística e tratar calquera proposta á maior brevidade, ao que a xerente afirma que o terá en conta.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:30 horas do 27 de febreiro de 2023, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,  
O presidente,

O secretario,

Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa

Ignacio Rodríguez Iglesias